LITERATURA UNIVERSAL

OPCIÓN A

1.- Desenvolva o seguinte tema do programa: Autores representativos, temas e características formais da literatura renacentista (2 puntos)

2.- Relacione as obras cos seus autores e períodos (1 punto)

1	O xogador	Jane Austen	Romanticismo
2	Anfitrión	Fiodor Dostoievski	Literatura grega
3	Oda a Afrodita	Plauto	Simbolismo
4	Emma	Charles Baudelaire	Teatro latino
5	As flores do mal	Safo	Realismo

3.- COMENTARIO LITERARIO. Pode seguir a estrutura das cuestións ou facer un comentario globalizado (7 puntos)

Nunha lúgubre noite de novembro vin coroados os meus esforzos. Cunha ansiedade que case raiaba na agonía, reunín arredor de min os instrumentos necesarios para lle poder insuflar unha chispa de vida ao ser inerte que xacía a pé de min. Xa era a unha da madrugada, a choiva batía triste nos vidros e a vela estaba case ensumida, cando, baixo o tremer da luz da medio extinguida chama, vin como a criatura abría un ollo amarelo pálido, respiraba con forza e un movemento compulsivo se apoderaba dos seus beizos.

¿Como podo describi-las miñas emocións ante esta catástrofe ou bosquexa-lo desgraciado a quen con tan infinitos traballos e coidados me esforzara en formar? Tiña os membros proporcionados e eu seleccionara as súas faccións para que fosen fermosas. ¡Fermosas! ¡Meu Deus! A súa pel amarela a penas cubría a obra de músculos e veas que quedaba por baixo; o cabelo era dun negro lustroso e largo; os dentes dunha brancura de pérolas; pero estas exuberancias non facían senón contrastar dun xeito máis horrible cos seus ollos acuosos que semellaban case da mesma color branca pardenta das órbitas en que estaban implantados, coa súa tez engurrada e cos beizos negruzcos e rectos.

Os diferentes accidentes da vida non son tan mudables como os sentimentos da natureza humana. Traballara duro durante case dous anos co único propósito de lle infundir vida a un corpo inanimado. Por causa disto, privárame de repouso e saúde. Arelárao cunha vehemencia que excedía en moito á moderación; pero agora que rematara, esvaecérase a beleza do soño e un horror e repugnancia indicibles invadíronme o corazón.

Frankenstein ou o moderno Prometeo, Mary Shelley
Tradución de Fernando R. Tato Plaza

3.1.- Mary Shelley e a súa época (1 punto).
3.2.- Faga unha breve exposición sobre a autora e a súa produción literaria,atendendo á obra seleccionada (1 punto).
3.3.- Expoña o tema do fragmento e relacióneo co resto da obra. Fíxese no sentido da obra, no tratamento dos personaxes... (2,5 puntos).
3.4.- Analice as características formais do fragmento e obra (1,5 puntos).
3.5.- Faga unha valoración persoal e crítica sobre a obra. Interese e vixencia, ou non, do relato, pensando por exemplo nos avances da enxeñaría xenética (1 punto).

LITERATURA UNIVERSAL

OPCIÓN B

1.- Desenvolva o seguinte tema do programa: As renovacións do teatro no século XX (2 puntos)

2.- Relacione as obras cos autores e períodos (1 punto)

1	A Divina Comedia	Víctor Hugo	Romanticismo
2	Nosa Señora de París	Eça de Queiroz	Realismo
3	O primo Basilio	Emily Brönte	Teatro do absurdo, S. XX
4	Cumes borrascosos	Eugène Ionesco	Renacemento
5	A cantante calva	Dante Allighieri	Romanticismo tardío

3.- COMENTARIO LITERARIO. Pode seguir a estrutura das cuestións ou facer un comentario globalizado (7 puntos)

REI
(…)
A miña ofensa cheira que alcatrea no ceo.
Pesa sobre ela a primeira, a máis vella das maldicións:
o asasinato do irmán. Rezar non podo,
aínda que o desexo é tan forte como a vontade.
O peso da culpa vence a forza da intención
e como un home abocado a dúas tarefas
dubido por cal comenzar
e desatendo ambas. (…)

O Rei axeónllase. Entra Hamlet

HAMLET
A ocasión é propicia, agora que está a rezar.
Fareino agora. E así vai ó ceo.
E así quedo eu vingado. É para pensalo.
Un canalla mata a meu pai e eu,
seu fillo, a esa canalla
ó ceo envío.
Recompensa polo servicio sería, non vinganza.
Pillou a meu pai vergoñosamente satisfeito
con tódalas culpas no seu apoxeo, no verdor de maio.
¿Quen, senón o ceo, sabe como están as súas contas?
Todo leva a pensar
que mal. ¿Quedo eu vingado
se o collo cando está a purga-la súa alma,
cando está preparado e disposto para o seu tránsito?
Non.
Agarda espada, e elixe ocasión máis cruel.

Hamlet, William Shakespeare
Tradución de Miguel Pérez Romero

3.1.- Contexto histórico e sociocultural de W. Shakespeare: o autor e a súa época (1 punto)
3.2.- Faga unha breve exposición sobre o autor e a súa produción literaria,atendendo á obra seleccionada (1 punto)
3.3.- Indica o tema principal do anterior fragmento. Sinala o sentido de texto, o tratamento dos personaxes e a relación do texto coa totalidade da obra á que pertence (2,5 puntos)
3.4.- Analice as características formais do texto seleccionado e da obra (1,5 puntos)
3.5.- Elabore un comentario crítico e persoal de *Hamlet*: actualidade da obra, os conceptos de poder, traizón e vinganza, etc. (1 punto)

LITERATURA UNIVERSAL

OPCIÓN A

1. Desenvolva o seguinte tema do programa: Evolución dos temas e das técnicas narrativas do Realismo (2 puntos)

2. Relacione as obras cos seus autores e períodos (1 punto)

1	Anfitrión	Alexandre Dumas	Realismo
2	Otelo	Dante Alighieri	Teatro isabelino
3	Crime e castigo	Plauto	Literatura latina
4	A Divina Comedia	W. Shakespeare	Romanticismo
5	Os tres mosqueteiros	Fiodor Dostoievski	Renacemento

3. COMENTARIO LITERARIO. Pode seguir a estrutura das cuestións ou facer un comentario globalizado (7 puntos)

Este estado, en realidade indescritible, durou catro meses. Agora ben, catro meses escríbese de contado: ¡non chega a unha ducia de letras!, pronúnciase de contado: catro meses –catro sílabas–, un cuarto de segundo e os beizos xa articularon este son: ¡catro meses! Pero ninguén pode narrar, nin medir, nin reproducir nin para outra persoa nin para si mesmo a lentitude do momento no baleiro do espacio, no baleiro do tempo, e non se lle pode explicar a ninguén cómo consome e destrúe esta nada e nada e nada arredor dun, este só sempre mesa e cama e pileta e papel da parede, e sempre o silencio, sempre o mesma garda que, sen te ollar, trae a comida, sempre os mesmos pensamentos que te cercan na nada ata volverte tolo. Por pequenos indicios decateime, con preocupación, de que o meu cerebro estaba trastornándose. Ó principio nos interrogatorios mantiña clareza interior, pensaba todo o que declaraba con moita tranquilidade: aquel xeito de pensar dobre –o que debía dicir e o que non– aínda funcionaba. Agora prendía na fala ó articula-las frases máis sinxelas, porque ó tempo que falaba ficaba hipnotizado ollando a pluma que se deslizaba sobre o papel anotando o que eu dicía, como se quixese eu ir detrás das miñas propias palabras.

Novela de xadrez, Stefan Zweig
Tradución de Patricia Buján e Saleta Fernández

3.1 Contexto histórico e sociocultural de Stefan Zweig: o autor e a súa época (1 punto)
3.2 Faga unha breve exposición sobre o autor e a súa produción literaria, atendendo á obra seleccionada (1 punto)
3.3 Expoña o tema do fragmento e relacióneo co resto da obra. Fíxese no sentido da obra, no tratamento dos personaxes... (2,5 puntos)
3.4 Analice as características formais do fragmento e da obra no seu conxunto (1,5 puntos)
3.5 Faga unha valoración persoal e crítica sobre a obra. Interese e vixencia, ou non, da obra, pensando por exemplo nos réximes totalitarios actuais (1 punto)

LITERATURA UNIVERSAL

OPCIÓN B

1. Desenvolva o seguinte tema do programa: Teatro clásico europeo. O teatro isabelino en Inglaterra (2 puntos)

2. Relacione as obras cos seus autores e períodos (1 punto)

1	Oliver Twist	Goethe	Literatura italiana, S. XIV
2	As mágoas do mozo Werther	Petrarca	Naturalismo
3	A novela experimental	Charles Dickens	Clasicismo francés
4	O avaro	Émile Zola	Realismo inglés
5	Cancioneiro	Molière	Romanticismo

3. COMENTARIO LITERARIO. Pode seguir a estrutura das cuestións ou facer un comentario globalizado (7 puntos)

XXXVIII
Bendito sexa o mesmo sol doutras terras
Que fai irmáns meus todos os homes,
Porque todos os homes, nun momento do día, o miran coma min,
E nese puro momento
Todo limpo e sensible
Regresan en bágoas
E cun suspiro que apenas senten
Ao Home verdadeiro e primitivo
Que vía nacer o Sol e aínda non o adoraba.
Porque iso é natural; máis natural
Que adorar o ouro e Deus
E a arte e a moral …

Poemas de Alberto Caeiro, Fernando Pessoa

3.1 Contexto histórico e sociocultural de Fernando Pessoa: o autor e a súa época (1 punto)
3.2 A produción literaria de Pessoa, as súas peculiaridades e importancia de *Poemas de Alberto Caeiro* no conxunto da súa obra (1 punto)
3.3 Explique o tema que trata este poema, a súa significación, así como os temas principais de *Poemas de Alberto Caeiro* (2,5 puntos)
3.4 Características métricas e estilísticas deste poema (1,5 puntos)
3.5 Comentario crítico e valoración persoal do poema e do poemario ao que pertence (1 punto)

CONVOCATORIA DE XUÑO

PREGUNTA 1 (2 puntos)

OPCIÓN A

Valorarase a axeitada inclusión dos seguintes elementos sobre o tema escollido:

a) Información sobre o contexto: acontecementos históricos, influencias, iniciativas…
b) Información acerca dos temas e características formais da literatura renacentista
c) Introdución de exemplos de autores e obras representativas. Aquí poderá facerse referencia a algún dos trazos que caracterizan a estas obras e/ou autores
d) Valorarase positivamente, aínda que non é obrigatorio, a inclusión deste último apartado na resposta, que o estudante faga alusión ao influxo desta literatura nos períodos posteriores

OPCIÓN B

Valorarase a axeitada inclusión dos seguintes elementos sobre o tema escollido:

a) Información sobre o contexto: acontecementos históricos, influencias, iniciativas…
b) Información sobre as razóns que explican por que o teatro do século XX busca novas formas de expresión: progresos técnicos, escenográficos, popularización do cine etc.
c) Información sobre as novas propostas teatrais: o teatro expresionista, o teatro épico, do absurdo, o teatro político etc., con algúns exemplos de autores e obras representativas
d) Comentario dos aspectos temáticos, formais e estéticos, que caracterizan a estas obras

PREGUNTA 2 (1 punto, 0,20 por resposta acertada)

Tanto nunha opción como na outra a resposta só puntuará no caso de que a relación entre os tres elementos sexa correcta.
Non penalizan as respostas incorrectas.

OPCIÓN A

1	O xogador	Fiodor Dostoievski	Realismo
2	Anfitrión	Plauto	Teatro latino
3	Oda a Afrodita	Safo	Literatura grega
4	Emma	Jane Austen	Romanticismo
5	As flores do mal	Charles Baudelaire	Simbolismo

OPCIÓN B

1	A Divina Comedia	Dante Allighieri	Renacemento
2	Nosa Señora de París	Víctor Hugo	Romanticismo
3	O primo Basilio	Eça de Queiroz	Realismo
4	Cumes borrascosos	Emily Brönte	Romanticismo tardío
5	A cantante calva	Eugène Ionesco	Teatro do absurdo, S. XX

PREGUNTA 3 (7 puntos)

OPCIÓN A e B

Os alumnos/as deberán realizar unha análise literaria a partir de criterios obxectivos e explícitos. O alumnado poderá seguir a estrutura das cuestións ou atender a estas nun comentario globalizado.

O estudante deberá saber situar o autor na súa época histórica e no período literario ao que pertence.
Deberá coñecer a obra á que pertence o fragmento e a produción literaria do autor/a.
O alumnado deberá concretar o tema do fragmento, comentalo, localizalo, aproximadamente, no fío argumental da obra e relacionalo co contido xeral.
O estudante describirá o texto de acordo a criterios de tipoloxía textual, xéneros e modalidades discursivas, e sinalará os recursos formais do mesmo.
Por último o estudante elaborará un comentario crítico, persoal e argumentado sobre o fragmento ou poema proposto. Neste comentario valorarase positivamente a achega de xuízos e ideas coherentes que reflictan unha visión madura e non simplista do tema, tamén a inclusión de ideas e puntos de vista orixinais e ben argumentados.

En todo o exame e nas dúas opcións terase en conta que o alumno/a escriba con corrección e precisión, que a redacción sexa coherente e a argumentación estea ben estruturada.

Dada a importancia da expresión, redacción e ortografía nun exame poderanse descontar ata dous puntos neste apartado.

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

PREGUNTA 1 (2 puntos)

OPCIÓN A

Valorarase a axeitada inclusión dos seguintes elementos sobre o tema escollido:

e) Información sobre o contexto histórico: sociedade, acontecementos políticos e económicos relevantes …
f) Información acerca dos temas e técnicas narrativas da literatura realista
g) Introdución de exemplos de autores e obras representativas. Aquí poderá facerse referencia a algún dos trazos que caracterizan a estas obras e/ou autores ou centrarse nun determinado autor e a súa obra

OPCIÓN B

Valorarase a axeitada inclusión dos seguintes elementos sobre o tema escollido:

e) Información sobre o contexto: sociedade, acontecementos históricos, iniciativas…
f) Información sobre o paso do teatro ambulante ao teatro estable, sobre as características e xéneros relevantes do teatro isabelino...
g) Introdución de exemplos de autores e obras representativas. Aquí poderá facerse referencia a algún dos trazos que caracterizan a estas obras e/ou autores ou centrarse nun determinado autor e a súa obra

PREGUNTA 2 (1 punto, 0,20 por resposta acertada)

Tanto nunha opción como na outra a resposta só puntuará no caso de que a relación entre os tres elementos sexa correcta.
Non penalizan as respostas incorrectas.

OPCIÓN A

1	Oliver Twist	Charles Dickens	Realismo inglés
2	As mágoas do mozo Werther	Goethe	Romanticismo
3	A novela experimental	Émile Zola	Naturalismo
4	O avaro	Molière	Clasicismo francés
5	Cancioneiro	Petrarca	Literatura italiana, S. XIV

OPCIÓN B

1	Anfitrión	Plauto	Literatura latina
2	Otelo	Shakespeare	Teatro isabelino
3	Crime e castigo	Fiodor Dostoievski	Realismo
4	A Divina Comedia	Dante	Renacemento
5	Os tres mosqueteiros	Alexandre Dumas	Romanticismo

PREGUNTA 3 (7 puntos)

OPCIÓN A e B

Os alumnos/as deberán realizar unha análise literaria a partir de criterios obxectivos e explícitos. O alumnado poderá seguir a estrutura das cuestións ou atender a estas nun comentario globalizado.

O estudante deberá saber situar o autor na súa época histórica e no período literario ao que pertence.
Deberá coñecer a obra á que pertence o fragmento ou poema elixido e a produción literaria do autor/a.
O alumnado deberá concretar o tema do fragmento ou poema, comentalo, localizalo e relacionalo co contido xeral da obra.
O estudante describirá o texto de acordo a criterios de tipoloxía textual, xéneros e modalidades discursivas, e sinalará os recursos formais do mesmo.
Por último o estudante elaborará un comentario crítico, persoal e argumentado sobre o fragmento ou poema proposto. Neste comentario valorarase positivamente a achega de xuízos e ideas coherentes que reflictan unha visión madura e non simplista do tema, tamén a inclusión de ideas e puntos de vista orixinais e ben argumentados.

En todo o exame e nas dúas opcións terase en conta que o alumno/a escriba con corrección e precisión, que a redacción sexa coherente e a argumentación estea ben estruturada.

Dada a importancia da expresión, redacción e ortografía nun exame poderanse descontar ata dous puntos neste apartado.